

# 2018

## Informe consolidado de achegas. Documento marco do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)



## Contido

<b>1. Presentación</b>	<b>2</b>
Contexto	2
Etapas do proceso participativo de planificación	2
Participación cidadá e transparencia	3
<b>2. Resultados da primeira fase de consulta pública</b>	<b>3</b>
<b>3. Alcance do informe e metodoloxía</b>	<b>4</b>
<b>4. Achegas e decisión</b>	<b>4</b>
<b>5. Resume do resultado de decisión</b>	<b>19</b>
<b>6. Modificacións do Documento Marco do IV Plan Director</b>	<b>19</b>
1.- Unha lóxica estratéxica que visibiliza a singularidade e especialización da Cooperación Galega a través de 5 ámbitos estratéxicos.	20
2.- Unha misión renovada no marco da Axenda 2030 das Nacións Unidas.	22
3.- Unha nova visión da Cooperación Galega como expresión solidaria da sociedade galega.	23
4.- 7 prioridades transversais da Cooperación Galega no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	23
5.- Unha maior previsibilidade dos recursos orzamentarios nun marco de crecemento dos recursos dispoñibles.	23
6.- 11 países prioritarios para unha cooperación exterior concentrada e estratéxica xeograficamente.	24
7.- Unha distribución da axuda no exterior aliñada coa axenda de eficacia do desenvolvemento.	25
8.- Unha definición de colectivos prioritarios da Cooperación Galega para non deixar a ninguén atrás.	25
9.- Unha distribución maioritaria da axuda desembolsable a través de convocatorias públicas.	26
10.- Un marco instrumental da Cooperación Galega máis previsible e con maior dotación de recursos.	26

## 1. Presentación

### Contexto

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia está a impulsar neste primeiro cuadrimestre do ano 2018 o proceso de planificación estratéxica participativa para a elaboración do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).

Este proceso desenvólvese consonte ao previsto na Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento que establece no seu artigo 9 relativo á planificación da cooperación para o desenvolvemento:

*“1. A cooperación galega para o desenvolvemento articúlase a través de plans directores cuadrienais e de plans anuais. 2. Os plans directores serán aprobados polo Parlamento de Galicia por proposta do Consello da Xunta de Galicia, co informe previo do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento. Os devanditos plans elaboraranse de acordo coas liñas xerais e as directrices establecidas no Plan director da cooperación para o desenvolvemento do Estado español previsto no artigo 8.2 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, e conterán os obxectivos e as prioridades, xeográficas e sectoriais, así como os recursos orzamentarios que orientarán a actuación da cooperación galega para o desenvolvemento durante o seu período de vixencia.”*

### Etapas do proceso participativo de planificación

Corresponde á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE integrada na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, como centro directivo competente en materia de cooperación ao desenvolvemento, “a elaboración e o seguimento do plan director e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento” (art. 19.1.a).

A Dirección Xeral encomendou a facilitación técnica do proceso a Xosé Luís Pastoriza Rozas, consultor galego experto en cooperación para o desenvolvemento, e responsable, á súa vez, do proceso de avaliación externa final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017).

Entre febreiro e marzo de 2018 abriuse un primeiro proceso de consultas cos axentes galegos de cooperación a través de xuntanzas grupais, entrevistas e o envío dun cuestionario on-line. De vez, habilitouse un correo electrónico para que os axentes de cooperación e cidadanía en xeral realizasen as súas achegas tanto ao documento marco do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) como ao borrador da avaliación final do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017). Esta documentación atópase accesible nunha sección específica da páxina web da Cooperación Galega: [www.cooperaciongalega.org](http://www.cooperaciongalega.org).

O día 23 de marzo de 2018 será presentado o borrador do IV Plan Director nunha xuntanza pública cos axentes de cooperación, abríndose un período de consultas até o 10 de abril para a recepción de achegas, suxestións e melloras do borrador.

A formulación do anteproxecto de IV Plan Director será presentado ante o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, que ten atribuído como función o “emitir informe sobre a proposta dos plans directores e dos plans anuais de cooperación para o desenvolvemento, (art. 22.3.b). Esta xuntanza está prevista ser celebrada o 18 de abril de 2018.

Posteriormente, a proposta de IV Plan Director informado polo CONGACODE será remitido ao Consello da Xunta de Galicia para “aproba-la proposta do Plan director de cooperación para o desenvolvemento, logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, e remitirla ó Parlamento de Galicia para a súa aprobación. (art. 16.1.a). Finalmente, o Parlamento de Galicia ten atribuída a competencia de aprobar o do Plan director de cooperación para o desenvolvemento da Comunidade Autónoma de Galicia (art. 15.1) a través de debate parlamentaria na Comisión Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.

## Participación cidadá e transparencia

Na páxina web da Cooperación Galega tense posto a disposición dos axentes de cooperación e da cidadanía un espazo de información para incrementar a transparencia do proceso, co fin de que todas aquelas persoas ou entidades interesadas poidan coñecer os avances e facer as súas achegas. Pode acceder a esta sección [aquí](#).

Até o 10 de abril poderanse realizar achegas a este proceso de participación a través do email [plandirectorgalicia@outlook.es](mailto:plandirectorgalicia@outlook.es) ou ben participando nas xuntanzas que se convoquen a tal efecto. En caso de estar interesado en participar ou recibir máis información pode solicitar unha entrevista nos seguintes contactos:

- Xosé L. Pastoriza Rozas. Asistencia técnica externa. Tfno: 606 252 439; email: [plandirectorgalicia@outlook.es](mailto:plandirectorgalicia@outlook.es)
- Guillermo C. Otero Piñeyro-Maseda. Xefe do Servizo de Formación e Coordinación Institucional da Cooperación para o Desenvolvemento. Tfno: 981 541 021; email: [guillermo.otero.pineiro-maseda@xunta.es](mailto:guillermo.otero.pineiro-maseda@xunta.es)

## 2. Resultados da primeira fase de consulta pública

Este documento presenta os resultados da primeira fase de consulta pública aos axentes de cooperación sobre a base do Documento Marco do IV Plan Director da Cooperación Galega enviado o día 21 de febreiro de 2018.

Os axentes puideron participar e realizar achegas ben presencialmente, a través de entrevistas e xuntanzas grupais, ben a través dun cuestionario online de avaliación do III Plan Director da Cooperación Galega que incluía unha sección de propostas de melloras de cara ao vindeiro IV Plan Director. O cuestionario estivo aberto do 24/02/2018 ao 21/03/2018. En resumo, 6 entidades enviaron achegas por escrito a través do correo electrónico, 35 contestaron ao cuestionario online, e celebráronse entrevistas e xuntanzas grupais con 22 persoas en representación de 17 entidades.

O 16 de marzo, o Director Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, e a Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior, Pilar Romero, celebraron cadansúa xuntanza co Consello Executivo e Secretaría Técnica do Fondo Galego e mais coa Xunta Directiva da Coordinadora Galega de ONGD para presentar un avance deste informe consolidado de achegas. Nas vindeiras semanas, trala presentación do borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega, seguiranse a celebrar entrevistas e xuntanzas grupais co fin de facilitar a máis ampla participación aos axentes galegos de cooperación e abrirase un novo prazo de achegas, que será obxecto do seu correspondente informe.

### 3. Alcance do informe e metodoloxía

Este informe rende contas da decisión adoptada pola Dirección xeral de Relacións Exteriores e coa UE con relación ás 63 achegas recibidas na primeira fase de consulta pública

A seguir sinálanse algúns dos aspectos metodolóxicos tidos en conta para o tratamento das achegas ao obxecto de elaborar este informe consolidado de achegas.

1. As achegas referidas neste informe son as correspondentes á primeira fase de consulta pública do proceso participativo de planificación estratéxica.
2. A información sobre a achega e sobre a decisión adoptada, tense estruturado consonte aos seguintes campos:
  - a. **Ámbito:** localización das achegas segundo o eido temático.
  - b. **Cód.:** codifícanse as achegas para unha mellor identificación en función do eido temático.
  - c. **Achega:** recóllense todas as achegas e suxestións, concretas e individualizadas.
  - d. **Decisión:** indícase a decisión tomada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, mediante as seguintes categorías:
    - i. **Estimada:** Tómase en consideración a proposta para incorporala no futuro Plan Director.
    - ii. **Estimada parcialmente:** tómase en consideración parcialmente para incorporala ao futuro Plan Director.
    - iii. **Contemplada:** a proposta xa estaba recollida no Documento Marco do IV Plan Director ou no deseño previamente definido pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
    - iv. **Contemplada parcialmente:** a proposta está recollida no borrador do Documento Marco, aínda que non na súa amplitude ou senso exacto.
    - v. **Desestimada:** non se toma en consideración a achega.
  - e. **Motivación:** xustificación ou explicación da decisión tomada.
3. Na última sección, preséntanse as modificacións do Documento Marco do IV Plan Director consonte ás achegas estimadas.

### 4. Achegas e decisión

As 63 achegas téñense agrupado e ordenado na táboa seguinte consonte a 12 eidos.

<b>1. MARCO ESTRATÉXICO</b>			
<b>CÓD.</b>	<b>ACHEGA</b>	<b>DECISIÓN</b>	<b>MOTIVACIÓN</b>
ME1	Promover que la política de Cooperación Gallega se alinee y enmarque en la Agenda 2030	<b>Contemplada</b>	O IV Plan Director asumirá o marco estratéxico da Axenda 2030 e o seu marco de resultados con base nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.
ME2	O goberno galego debe dar os pasos necesarios ao tempo que procura sinerxías co resto de gobernos, estatal, autonómicos e cos gobernos locais e axentes sociais galegos para implementar canto a antes a Axenda 2030 en Galicia, dende todos os niveis e contando coa participación activa da sociedade civil.	<b>Contemplada parcialmente</b>	O “Estudo sobre a Implantación da Axenda 2030 na Xunta de Galicia”, encomendado a un equipo de investigación da Universidade Complutense dirixido por José Antonio Alonso, sinala que moitas das metas que os ODS formulan xa están contidas no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, e propónse a constitución dunha Comisión Interconsellerías que aborde a elaboración dun plan de acción integrado que defina prioridades e compromisos en materia de ODS.
ME3	Necesitamos unha estrutura/marco de referencia sobre a Axenda 2030. Sobre o punto anterior e este, incidir na coherencia de políticas.	<b>Contemplada parcialmente</b>	O IV Plan Director facilitará un marco estratéxico da AOD da Xunta de Galicia en coherencia co previsto no devandito estudo para o impulso da coherencia de políticas para o desenvolvemento sostible na administración autonómica.
<b>2. MARCO ORZAMENTARIO</b>			
MP1	Incrementar de maneira sostenida y previsible los fondos de la AOD gallega, hasta alcanzar el 0.2% de la RNB al final de vigencia del nuevo plan director, promoviendo el seguimiento adecuado del porcentaje de AOD que se destina a la infancia	<b>Desestimada</b>	O IV Plan Director integrará unha previsión orzamentaria para o período 2018-2021 desagregada anualmente.  Neste exercicio de planificación asegúrase un compromiso mínimo realista de crecemento orzamentario, que xa foi comprometido pola Xunta de Galicia co sector, de xeito que partindo dos 5 millóns de euros que actualmente se consignan no programa 331A (concretamente 5.027.160€ no 2018) se dea un crecemento mínimo anual do 11,4%
MP2	Un anexo orzamentario no que se estableza un calendario de desembolsos mínimos público e planificado conxuntamente cos distintos axentes de cooperación que, partindo dun mínimo de 6,8 millóns de euros, acade de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da súa vixencia.	<b>Desestimada</b>	O propio documento Marco para a elaboración do IV PD establece un calendario público e mínimo de desembolsos consonte a este compromiso adquirido, que sen partir do mínimo solicitado polo sector (6,8 millóns de euros) acadaría esta cantidade no 2021.
MP3	Consideramos que a limitada dotación orzamentaria é a principal eiva desta política pública e considera necesario de cara a IV PD ampliar a dotación orzamentaria sen perder de vista o compromiso co 0,7% do orzamento da Xunta, e partir dun mínimo de 8 millóns de euros anuais, ao	<b>Desestimada</b>	Para que o orzamento de cooperación acadara no ano 2021 o 0,2 % do

	igual que solicitan o resto de actores galegos do sistema de cooperación.		orçamento total da Xunta, tendo en conta que na actualidade está no 0,05% tería que incrementarse anualmente en máis dun 60% para así chegar aos 21 millóns de euros no 2021, que representaría o 0,2% dos orzamentos da Xunta para ese ano (estimado sobre a base dun crecemento anual medio dun 3%).
MP4	<p>Sabemos que o CAD permite contabilizar como AOD, en determinadas circunstancias, a asistencia a persoas refuxiadas que chegan aos países donantes e que así o están facendo algúns países de Europa. Pero non é menos certo que existe un forte debate entre os propios países donantes en torno a posibilidade de detraer cartos das partidas destinadas a proxectos no exterior e de emerxencia fóra de territorio europeo para asistir a persoas refuxiadas e migrantes que xa se atopan en Europa. Varias CC.AA. mostraron tamén a súa desconformidade ao respecto desta práctica. Utilizar a AOD para atender a persoas refuxiadas en Europa é insolidario e cortoplacista. A migración é unha dinámica global e desde a nosa presenza en países de orixe e tránsito, vemos que a cooperación ao desenvolvemento ten un papel imprescindible neste ámbito.</p> <p>O drama da poboación refuxiada non ten o seu foco en Europa senón nos países de orixe e nos países veciños aos conflitos, que son os que acollen á inmensa maioría das persoas refuxiadas. Falar agora de crise ten, ao noso modo de ver, un certo erro de partida: a crise lévase producindo desde fai anos noutros países de acollida veciños aos conflitos sen que en Europa lle prestásemos a debida atención. A Axuda Humanitaria é crucial para asegurar unha protección básica, alimentos, sanidade básica, educación nestes países.</p> <p>Que se recolla especificamente esta cuestión no novo Plan Director para asegurar que non se destina AOD galega ao traballo en países dentro das fronteiras da UE.</p>	<b>Estimada</b>	No marco do III PD non se financiou ningún proxecto de AH dentro das fronteiras da UE nin se computou como AOD os gastos derivados de acollemento de refuxiados en Galicia. Isto manterase no IV PD.
<b>3. PRIORIDADES TRANSVERSAIS</b>			
PT1	Modificar a prioridade transversal 4 e 7. No primeiro caso, incluíndo a mención ao “enfoque baseado en dereitos humanos”. No segundo caso, substituíndo “a construción de resiliencia” por “Participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil”	<b>Estimada</b>	<p>Acéptase a proposta relativa ás prioridades transversais. Modifícanse a redacción das prioridades transversais 4 e 7 que quedan como segue:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enfoque baseado en dereitos humanos (en lugar de “o respecto polos</li> </ul>

			dereitos humanos”). <ul style="list-style-type: none"> <li>Participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil (en lugar de “a construción de resiliencia”).</li> </ul>
PT2	<p>A Convención sobre a eliminación de todo forma de discriminación contra as mulleres (CEDAW) é o marco de referencia para establecer un consenso sobre que se entende por discriminación das mulleres e una axenda para loitar contra estas discriminacións. Este marco complétase coa Plataforma de Acción de Beijing.</p> <p>Para contribuír a esta axenda, tanto en Galicia coma no mundo, débese apoiar e promover medidas para eliminar a discriminación por motivos de xénero que rachen coa feminización da pobreza a través da canalización de fondos a estratexias que fomenten o cumprimento dos dereitos humanos na vida das mulleres.</p> <p>Neste sentido, apostamos porque o Plan Director incorpore un enfoque estratéxico de xénero e de dereitos humanos e aposte por adaptar ás modalidades e instrumentos da cooperación galega a este enfoque. Por outra banda, fomentárase o coñecemento, a comprensión e a denuncia das situacións que xeran a vulneración dos dereitos fundamentais e as desigualdades de xénero.</p>	<b>Estimada</b>	O IV Plan Director reconecerá a equidade de xénero e o enfoque de dereitos humanos entre as súas prioridades transversais. Por outra banda, un dos ámbitos estratéxicos do plan director centrarase en ““Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia””.
<b>4. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS</b>			
PX1	Realizar la selección de las prioridades geográficas en base a la experiencia, capacidad y las alianzas generadas por los agentes de la cooperación gallega en los países destino (sin olvidar a los países menos adelantados).	<b>Contemplada</b>	O IV Plan Director identificará 11 países como prioritarios con base na experiencia, capacidade e alianzas dos axentes galegos de cooperación. Destes 11 países, 2 son PMA situados en África Subsahariana (Guinea Bissau e Mozambique). Ao tempo, as convocatorias de proxectos no exterior outorgarán a mesma puntuación aos países prioritarios e aos PMA e tamén aos países cun IDH baixo en África Subsahariana.
PX2	Engadir Kenia e Uganda como países prioritarios	<b>Estimada parcialmente</b>	En relación aos países empobrecidos de África Subsahariana, recibirán a mesma valoración que os países prioritarios nas convocatorias de axudas a proxectos de cooperación no exterior cando sexan PMA ou teñan un Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo. Este sería o caso de Uganda, mais non así de Kenia (país de ingreso medio e IDH medio).



PX3	Engadir Costa de Marfil como país prioritario	<b>Estimada parcialmente</b>	En relación aos países empobrecidos de África Subsahariana, recibirán a mesma valoración que os países prioritarios nas convocatorias de axudas a proxectos de cooperación no exterior cando sexan PMA e/ou teñan un IDH baixo. Este sería o caso de Costa de Marfil (país de ingreso medio e IDH baixo).
PX4	Engadir Guinea Bissau como país prioritario	<b>Estimada</b>	Acéptase a inclusión de Guinea Bissau como país prioritario, porque pertence aos Países Africanos de Lingua Oficial Portuguesa (PALOP), nel hai presenza de axentes galegos de cooperación e resulta dunha solicitude conxunta do Fondo Galego e mais da Coordinadora Galega de ONGD.
PX5	Actualmente, traballar nun PMA e nun país prioritario puntúa o mesmo. Se se trata dun PMA que ademais é país prioritario debería puntuar máis.	<b>Desestimada</b>	Non se acepta que os proxectos que se presenten en país prioritario que ademais sexa PMA, como é o caso de Guinea Bissau e Mozambique, puntuen máis. Xa que logo os PMA o cun IDH baixo en África Subsahariana puntuarán igual que os prioritarios.
PX6	En canto aos países prioritarios, consideramos que a actual definición se fai tendo en conta a presenza no terreo de ONGD e non dos outros actores e plantexamos que Concellos e deputacións vexan reflectida a súa vontade solidaria, propoñen: - Impulsar relacións con países lusófonos para recuperar e considerar como prioritarios a: Angola, Cabo Verde, Guinea Bissau, Santo Tomé e Príncipe e Timor Leste. - Ter en conta o traballo en terreo das ONGD propiamente galegas - Dar voz na definición de países prioritarios aos Concellos.	<b>Estimada parcialmente</b>	O IV Plan Director reconecerá como países prioritarios a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique. Ademais, os países subsaharianos de IDH baixo, como Angola, recibirían a mesma puntuación que os países prioritarios. Por outra banda, contemplárase a posibilidade de financiar proxectos plurinacionais nos países lusófonos sempre que se inclúa algún país prioritario.  Durante o proceso de consulta pública do borrador do IV Plan Director está previsto celebrar entrevistas cos Concellos e Deputacións Galegas con actuacións significativas en cooperación.
PX7	Ademais, a Cooperación Galega deberá poñer en valor as súas potencialidades e recuperar o traballo en países lusófonos.	<b>Estimada</b>	
<b>5. PRIORIDADES SECTORIAIS</b>			
PS1	Non se estima necesaria o establecemento de sectores preferentes por países nin a recuperación de modelos IDI.	<b>Estimada parcialmente</b>	Co fin de promover a flexibilidade operativa dos axentes galegos de cooperación, o IV Plan Director non incluírá unha definición de sectores preferentes dentro dos países prioritarios.  En relación aos modelos IDI ou “alianzas territoriais multiactor e multisector” poderán ser impulsados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa

			UE na súa cooperación directa.
PS2	Observamos en el documento que el Desarrollo Económico Local, en el que se integran los sectores de especialización probablemente más característicos de Galicia como son la pesca y acuicultura, y la agricultura y desarrollo rural, sea el único subsector cuya distribución presupuestaria disminuye respecto al III PD (...) Lo anterior no está en consonancia con el punto 5.7 del documento, donde se afirma que la Cooperación Galega “refuerza” su compromiso con el desarrollo económico local a través de su especialización sectorial en pesca y acuicultura y en agricultura y desarrollo rural, cuando la tabla 3 muestra justo lo contrario, un debilitamiento y no un refuerzo.	<b>Estimada parcialmente</b>	Polo que respecta a proposta relativa aos sectores de especialización e ás áreas de actuación que figuran no Documento Marco, tanto a distribución orientativa da AOD por sectores estratéxicos como por sectores prioritarios desaparecen e pasan agora a estar incluídos en 5 ámbitos estratéxicos. Ao tempo, os sectores 1 a 3, que inclúen a acción en cooperación exterior -dentro do que se integra o desenvolvemento económico local- serán o destino en conxunto do 60 a 75% do total distribuíble a través de convocatorias e convenios.
PS3	Non deixa de ser un tanto ambiguo e ás veces nos procesos de avaliación tivemos reflexións nesta liña: nomear como un eido único de cooperación "agricultura e desenvolvemento rural". O desenvolvemento rural en certos contextos vai máis aló do desenvolvemento da agricultura e inclúe aspectos máis amplos, como por exemplo elementos inmateriais como a recuperación de saberes. Pode ser axeitada unha revisión e desagregación para a visibilización máis concreta dalgúns eidos de actuación.	<b>Estimada parcialmente</b>	Na descrición do ámbito estratéxico “Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida”, incluíranse as liñas de acción nas que actuará a Cooperación Galega neste eido.
PS4	Definir y garantizar la Infancia y su bienestar como prioridad de la política de cooperación Gallega. Garantizar que el enfoque y los principales contenidos y directrices de la Estrategia de Infancia de Infancia de la Cooperación Española se integren en el IV Plan Director	<b>Estimada</b>	O IV Plan Director reconecerá á infancia no ámbito estratéxico 3: “Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia”. Ao tempo, definirá á infancia e á mocidade dentro dos colectivos prioritarios da Cooperación Galega.
PS5	O novo sector prioritario debe recoller unicamente o elemento “empoderamento de mulleres”. De todas formas propoñemos unha forma alternativa de nomealo: promoción dos dereitos humanos das mulleres e do seu empoderamento	<b>Estimada</b>	Polo que respecta a proposta relativa a os sectores estratéxicos cabe dicir que tanto a relación de sectores estratéxicos como de sectores prioritarios desaparecen e pasan agora a estra incluídos en 5 ámbitos estratéxicos
PS6	O novo Plan debiera dar continuidade aos sectores de especialización da cooperación galega actuais. Ao tempo, a selección das prioridades xeográficas, ao tratarse dunha cooperación maioritariamente canalizada a través dos axentes de cooperación, fundamentalmente as ONGD, debe facerse en base a experiencia, capacidades e a xeración de alianzas	<b>Estimada</b>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.</li> <li>2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha</li> </ol>

	desenvolvidas por estes (sen esquecer a atención adecuada aos países menos adiantados).		<p>prosperidade compartida.</p> <p>3. Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.</p> <p>4. Paliar e reducir a vulnerabilidade respostando ás crises humanitarias con eficacia e calidade.</p> <p>5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.</p>
<b>6. ACTIVIDADES DE COOPERACIÓN</b>			
AC1	Incrementar los recursos en Acción Humanitaria (al menos el 10% del total de AOD gallega)	<b>Contemplada</b>	Durante o IV Plan Director destinarase a Acción Humanitaria o 15-20% do total da axuda desembolsable.
AC2	Tamén temos que ser quen de definir unha Acción Humanitaria que garanta recursos suficientes (alomenos o 10% do total da AOD galega) e que ao mesmo tempo reforce as súas propias capacidades. Ademais, e para mellorar a calidade da nosa acción humanitaria, os instrumentos vinculados as intervencións de emerxencia teñen que garantir un financiamento, significativo, máxima flexibilidade e rapidez en todas as súas fases dende a proposta ata a xustificación final.	<b>Contemplada</b>	No eido da acción humanitaria a Dirección Xeral de Relacións Exteriores conta cunha asistencia técnica especializada para garantir a eficacia e calidade das súas actuacións e da súa planificación que se reflicte en cadanseu Plan Anual.
AC3	Que se describa un plan de actuación para la ayuda humanitaria. Que sea amplio para cualquier país donde pueda ocurrir una emergencia. Que se incluyan en este plan de actuación, la planificación y prevención de desastres	<b>Contemplada parcialmente</b>	
AC4	A Educación para a Cidadanía Global (ECG) e a Comunicación para o Desenvolvemento téñense convertido en si mesmas nun eido de especialización da Cooperación Galega. Está previsto que en 2017 se aprobe a Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento que deberá contar cun orzamento que acompañe a execución de todas as actividades previstas na mesma. O orzamento será, como mínimo, do 10% da AOD galega.  O novo Plan Director tamén deberá promover a apertura dunha nova convocatoria de programas que permita o financiamento de procesos a	<b>Contemplada parcialmente</b>	<p>A implementación da Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que foi elaborada no ano 2016, representa un gran reto para o conxunto dos actores polo ambicioso marco de resultados artellado en 5 eixos e 8 liñas de acción que se materializan en 34 accións estratéxicas.</p> <p>A educación para o desenvolvemento e a cidadanía global contemplárase no IV Plan Director como un ámbito estratéxico específico da Cooperación Galega. O seu desenvolvemento narrativo será coherente co previsto na devandita Estratexia. Ao tempo, será o destino do 15-20% do total da axuda</p>

	<p>longo prazo.</p> <p>Para consolidar a ECG, o goberno potenciará a relación da cooperación galega coa consellería de Educación co obxectivo de que a incorpore nas políticas públicas en materia de educación</p> <p>Queremos que se establezan no documento do IV Plan Director cales son os eixos prioritarios que a Cooperación Galega se compromete a executar os vindeiros catro anos e con que recursos en relación á participación, coordinación e complementariedade entre actores e actrices educativas; a reflexión cos actores e actrices multiplicadores chave; a reflexión e mellora das ferramentas de financiamento; e a avaliación da propia estratexia.</p>		<p>desembolsable.</p> <p>De vez, algunhas das propostas contidas en dita Estratexia xa se teñen reflectido nos instrumentos da Cooperación Galega pero está pendente o despregamento efectivo da Estratexia que se agarda pór en marcha xa neste ano 2018, coa conformación do Grupo de Traballo de EpD nela previsto.</p> <p>Proponse constituír neste ano o Grupo de Traballo previsto na estratexia dentro do CONGACODE para continuar coa posta en marcha dos compromisos e medidas establecidas no documento estratéxico. Suxírese unha composición plural que poida incluír:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- 1 representante da DXRREE e coa UE</li> <li>- 1 representante da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria</li> <li>- 1 representante da DX de Voluntariado</li> <li>- 2 representantes da Comisión de EpD da Coordinadora Galega de ONGD</li> <li>- 1 representante da Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD)</li> <li>- 1 representante do Fondo Galego</li> </ul> <p>Tamén cabería a posibilidade de nomear algunha persoa experta permanente ou que varíen tendo en conta a orde do día ou os temas a tratar nas reunións.</p>
AC5	Fomento de las intervenciones que tienen una continuidad en el tiempo, en el lugar y en el mismo sector de actuación, con el objetivo de mejorar el impacto.	<b>Contemplada</b>	O IV Plan Director xerará incentivos e financiará aqueles proxectos a medio/longo prazo con continuidade nun mesmo lugar e/ou sector de actuación.
<b>7. AXENTES DE COOPERACIÓN E CAPACIDADES</b>			
AX1	En varios lugares del documento se repite que las ONGD son el principal aliado de la Cooperación Galega, lo cual es lógico dado entre otras cosas su gran número y su especialización para atender las prioridades transversales de la cooperación (equidad de género, sostenibilidad ambiental, DD.HH...), pero esto no debe esconder la importancia del aporte que puede prestar el sector privado, dado su alto grado de especialización y su conocimiento de los sectores productivos, para su transferencia al desarrollo de terceros países. Pensamos por ello que se debería reforzar el papel de los otros agentes de cooperación distintos a las	<b>Contemplada parcialmente</b>	<p>O IV Plan Director da Cooperación Galega manterá as dúas convocatorias dirixidas a outros axentes distintos das ONGD: “proxectos no exterior por outros axentes” e “investigación sobre desenvolvemento de grupos de investigación e persoal investigador das Universidades do Sistema Universitario Galego”.</p> <p>Por outra banda, as convocatorias dirixidas a ONGD conteñen incentivos para a presentación de proxectos en agrupación con outros axentes, entre os cales</p>

	ONGD, aumentando sus posibilidades de acceso a fuentes de financiación.		se inclúen as empresas e organizacións empresariais.
AX2	Neste mesmo eido pensamos que se debe revisar o rol do sector privado lucrativo e circunscribir as actuacións das empresas á provisión de bens e servizos e non á definición estratéxica de programas e proxectos de cooperación. De acordo co obxectivo de que “cada quen faga o que fai mellor” e de fomentar a complementariedade a súa actuación debe focalizarse en actuar como complemento e apoio dos actores que si teñen a cooperación ao desenvolvemento como razón de ser.	<b>Estimada parcialmente</b>	Finalmente, as convocatorias de axudas limitan as actividades que poden desenvolver as entidades empresariais privadas de tal xeito que sexan coherentes coa promoción do desenvolvemento humano sostible.
AX3	Revisión de las políticas universitarias para que se ubique al desarrollo humano como enfoque transversal. Las universidades han de incluir el desarrollo humano, no sólo en los distintos programas formativos, sino también en la coherencia de las líneas estratégicas de la institución, de manera que los principios de la “educación para el desarrollo” queden incorporados en la misión y visión de las Universidades	<b>Contemplada parcialmente</b>	O IV Plan Director da Cooperación Galega apoiará a Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento e promoverá a integración da Axenda 2030 e dos ODS nas Universidades do Sistema Universitario Galego.
AX4	Facer fincapé sobre a formación específica, especializada e actualizada sobre cooperación e sobre EpD, para o que é fundamental a colaboración entre actores	<b>Contemplada parcialmente</b>	O IV Plan Director fomentará un marco de fortalecemento de capacidade dos axentes galegos de cooperación e financiará actividades de formación a través dos convenios de fortalecemento que subscriba coa CGONGD, Fondo Galego e Universidades.
AX5	Tamén promover a formación e fortalecemento institucional dos actores de cooperación ao desenvolvemento para mellorar as capacidades da Cooperación Galega.	<b>Contemplada parcialmente</b>	
AX6	Débense reforzar os recursos e as capacidades do sistema galego de cooperación, mantendo e mellorando as liñas específicas de fortalecemento institucional postas en marcha no III PD dirixidas aos actores da cooperación galega de referencia e reforzando tamén á Subdirección Xeral de Cooperación Exterior.	<b>Estimada</b>	
<b>8. INSTRUMENTOS DE COOPERACIÓN</b>			
IC1	En el punto 5.9 se sugiere distribuir la ayuda total con un 65-75% para convocatorias y un 25-35% para convenios. Siendo conscientes de la necesidad de recurrir a la modalidad de convenios en algunos casos particulares, pensamos que se debe aumentar la ayuda para convocatorias en detrimento de los convenios, por parecernos más justa y transparente la adjudicación de ayudas en concurrencia competitiva.	<b>Estimada</b>	Acéptase manter no novo Plan Director a distribución prevista no III Plan Director da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios. Un 70-75% canalizarase a través de convocatorias e un 25-30% a través de convenios durante a vixencia do IV Plan Director.

IC2	65-75% da AOD a través de convocatoria e 25-35% a través de convenios: supón unha revisión con respecto ao contemplado no Plan Director vixente. Ademais non responde á realidade da cooperación galega na que finalmente a AOD executada vía convocatorias foi aínda maior do previsto: o 79% da AOD canalizouse a través de convocatorias e o 21% a través de convenios. Xa que logo, solicítase que se manteña o indicador do anterior Plan Director.	<b>Estimada</b>	
IC3	Garantizar la continuidad, previsibilidad y solvencia en la ejecución presupuestaria de las líneas de convocatorias públicas previstas hasta ahora	<b>Estimada</b>	Coa previsión de crecemento orzamentario, pódese asegurar que nos anos 2019, 2020 e 2021 poderán publicarse todas as convocatorias que están previstas no Plan Anual 2018 (proxectos no exterior de ONGD e outros axentes, EpD e Cidadanía Global, Acción Humanitaria e Bolsas de formación) A convocatoria de investigación para o desenvolvemento seguirá a ser bienal e a de Consolidación e Fortalecemento de ONGD será obxecto de revisión.
IC4	Que se inclúa no PD que os instrumentos de axuda previstos (alomenos os dirixidos a ONGD) se publicarán anualmente como garantía de previsibilidade da axuda.	<b>Estimada</b>	
IC5	Recuperar como instrumento de cooperación los programas de larga duración que permitan desarrollar de forma continuada y planificada proyectos de cooperación al desarrollo.	<b>Desestimada</b>	As dotacións orzamentarias existentes e as limitacións establecidas pola Facenda Pública impiden a recuperación da convocatoria de programas.
IC6	A recuperación dos instrumentos de “programas” que permitan desenvolver de forma continuada e planificada proxectos de cooperación ao desenvolvemento e de educación para a cidadanía global de longa duración (4 e 3 anos, respectivamente), ao tempo que aumenta a porcentaxe de adición orzamentaria, que o faga posible.	<b>Desestimada</b>	
IC7	O aumento do promedio de financiamento para as intervencións individuais, especialmente no eido dos proxectos de cooperación exterior, como mecanismo para evitar a fragmentación das axudas (sempre acompañado do necesario crecemento orzamentario)	<b>Estimada</b>	O previsible aumento orzamentario para a execución do IV Plan Director permitirá aumentar o promedio de financiamento por proxecto, tal e como estaba a acontecer no último bienio do III Plan Director.
<b>9. MARCO NORMATIVO</b>			
MN1	Non se recolle a intención de avanzar na eliminación da diferenciación de capítulos IV e VII nin anualidades.	<b>Desestimada</b>	Segundo informe da Consellería de Facenda, para permitir a eliminación da vinculación dos capítulos orzamentarios á natureza do gasto sería necesaria unha modificación da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario, aspecto que excede o alcance estratéxico e operativo dun Plan Director. Sen embargo, hai que recoñecer os avances producidos co Decreto 29/2017 en cuestións como:
MN2	Mejorar los condicionantes administrativos: previsibilidad de ayudas, fechas estables y conocidas de las convocatorias, eliminación de la división en capítulos (IV - VII), eliminación de la ejecución presupuestaria	<b>Desestimada</b>	

	por anualidades.		flexibilización de prazos de execución, xustificación e subsanación de defectos, o recoñecemento de situacións excepcionais ... Así como a inclusión no articulado da Lei de Orzamentos 2017 dunha excepción á limitación das transferencias de créditos entre os capítulos orzamentarios IV e VII para aqueles créditos do programa 331A vinculados aos proxectos a desenvolver no exterior polos axentes galegos de cooperación para o desenvolvemento o que permite subvencionar un maior número de proxectos.
MN3	Eliminar la obligación de ligar la ejecución de las anualidades de los proyectos a la del año fiscal, algo que en muchas ocasiones va en contra de la lógica de la intervención a llevar a cabo. En este punto es importante alinear la política de cooperación gallega a la de otras comunidades autónomas y a la normativa de la AECID.	<b>Desestimada</b>	
MN4	Que se aposte pola adecuación dos formularios, procedementos e condicionantes ás condicións da actividade da cooperación, na liña do que se fai noutras comunidades. Diminuir a carga burocrática inútil, ou os condicionantes que poñen en perigo a calidade das accións (capítulo IV e VII, anualidades pechadas).	<b>Desestimada</b>	
MN5	Varias veces na Avaliación Final se fala da necesidade de recuperar o consenso e intentar actualizar a lei. Vaise facer algo ao respecto?	<b>Desestimada</b>	A proposta de elaboración dunha nova lei de cooperación prevista no III Plan Director foi rexeitada polos grupos da oposición no seu momento. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE coida oportuno esperar á nova lei estatal de cooperación para o desenvolvemento que semella se vai elaborar a medio prazo.
MN6	O Fondo Galego valora positivamente algúns aspectos do Decreto 29/2017, sen embargo, solicitan a revisión do mesmo xa que non están de acordo co seu artigo 17, no que se establece que os entes locais que realicen cooperación para o desenvolvemento deben inspirarse nos principios e criterios establecidos na Lei 3/2003 e a necesidade de obter un informe previo por parte da administración autonómica, e instan a necesidade de revisalo.	<b>Desestimada</b>	O Decreto 29/2017 límitase a desenvolver o establecido na Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.  A necesidade de comunicación e obtención de informe debe verse mais como unha oportunidade de cara ao intercambio de información para conseguir a coordinación e complementariedade de actuacións que como unha inxerencia competencial. Ata o momento, a DXRREE e UE ten recibido catro solicitudes de informe (2 concretamente do Fondo Galego para a súa convocatoria de cooperación e para a posta en marcha dunha intervención en Mozambique, 1 do Concello de Santiago e outra do de A Coruña, no marco tamén da publicación das súas convocatorias de axudas). Todas foron informadas favorablemente.
MN7	A demanda fundamental sería, polo tanto, que mentres non se produce a derogación da Lei 27/2013 a Xunta de Galicia evite adoptar medidas que vulneren a autonomía das entidades locais en materia de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.	<b>Desestimada</b>	

## 10. COORDINACIÓN, COMPLEMENTARIEDADE, ALIANZAS E PARTICIPACIÓN

CC1	Como se mellorarán os mecanismos de diálogo entre a Xunta e os actores locais. Ou como se reforzarán as capacidades da Cooperación Galega no seu conxunto (formación, coordinación, etc) Tampouco se nomea. Hai prevista algunha proposta?	<b>Contemplada</b>	Coa renovación do CONGACODE potenciouse a presenza das administracións locais, incorporando dous representantes do Fondo Galego (tiña un) e outros dous da FEGAMP (que non tiña presenza) o que nos permitirá avanzar na coordinación con estes actores.
CC2	<p>Debe fomentarse o diálogo e a coordinación entre os distintos actores: garantindo a participación activa da sociedade civil; fomentando o diálogo da Xunta entre os seus propios departamentos, para profundar na coherencia de políticas; e, mellorando a coordinación entre Xunta de Galicia e as administracións locais galegas.</p> <p>En canto aos espazos, o renovado Consello Galego de Cooperación ao Desenvolvemento (CONGACODE), como órgano de referencia, ten que evolucionar para a ser un verdadeiro espazo de construción colectiva e non só de validación de propostas. Ademais, este non debería ser o único espazo. É preciso xerar espazos públicos que promovan o apoio á cooperación da propia cidadanía, a través da mellora da comunicación externa; tamén que melloren os procesos de construción colectiva e a nosa cultura avaliativa.</p>	<b>Contemplada</b>	<p>O CONGACODE cumpre a súa función como órgano de representación e coordinación de tódolos axentes para a toma de decisións sobre as planificacións en materia de cooperación para o desenvolvemento.</p> <p>Para o tratamento de cuestións en materias específicas, pódense constituír grupos de traballo. Proponse para este ano a constitución do Grupo de Traballo de EpD.</p>
CC3	Nesta apartado proponse a necesidade de que se faciliten maiores espazos de encontro e diálogo e intercambio entre os diferentes axentes do sector, por exemplo tras a realización dos procesos de avaliación, ou reunindo aos diferentes axentes que teñen experiencia nun mesmo país ou sector de intervención.	<b>Contemplada</b>	Neste novo exercicio de planificación, a Cooperación Galega apostará polo aumento dos espazos de debate, diálogo e aprendizaxe mutua, poñendo en marcha o grupo de traballo en temas de EpD e presentando, como xa se fixo o pasado ano, os resultados dos procesos de avaliación levados a cabo. A propia Axenda 2030 demanda da existencia de maiores espazos de coordinación e debate e a Xunta de Galicia está comprometida con ela.
CC4	Aproveitar a Eurorrexión para establecer alianzas e sinerxías cos socios portugueses, potenciando o traballo conxunto. Proponse unha alianza coa DXRREE e coa UE para a participación en proxectos a nivel europeo.	<b>Estimada</b>	<p>A Dirección Xeral valora esta como unha proposta adecuada e cremos necesario tender pontes para o traballo conxunto tamén nesta materia. Por outra banda a Axenda 2030 e moitos dos indicadores dos ODS demandan tamén un traballo rexional neste sentido.</p> <p>Pódese ofrecer a participación conxunta co Fondo e outras entidades naqueles proxectos que o Fondo poida presentar a convocatorias para proxectos de</p>




			cooperación tanto da Unión Europea como doutros organismos internacionais, participando a DXRREE e coa UE como socio cofinanciador en países prioritarios da cooperación galega.
CC5	Incremento da suma do convenio do Fondo Galego para equiparalo a outras entidades como a CGONGD	<b>Estimada parcialmente</b>	A posibilidade de aumento da contía do convenio co Fondo Galego (actualmente 40.000 € anuais) irá vinculada aos avances orzamentarios que se vaian producindo. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE espera poder ir aumentando progresivamente o seu importe a partir de 2019, sempre que o convenio se oriente ao fortalecemento institucional na promoción, difusión, e formación das administracións locais nos ODS co fin de promover as axendas locais nesa materia.
CC6	Recuperación do financiamento de proxectos no exterior executados polo Fondo Galego para o reforzo institucional dos municipios do Sur	<b>Estimada parcialmente</b>	A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE recoñece ao Fondo como un axente primordial no ámbito da cooperación para o desenvolvemento ao que apoiar e fortalecer. Non obstante, semella pouco viable o financiamento directo, vía convenio, de actuacións do Fondo no exterior en materia de cooperación para o desenvolvemento. A Dirección Xeral ofrece, ao igual que resto de axentes de cooperación, a posible participación conxunta co Fondo e outras entidades naqueles proxectos que o Fondo poida presentar a convocatorias para proxectos de cooperación tanto da Unión Europea como doutros organismos internacionais, participando a DXRREE e coa UE como socio cofinanciador en países prioritarios da cooperación galega.
CC7	Abrir unha liña de financiamento (subvencións) para que as administracións locais galegas podan contratar persoal especializado en Cooperación.	<b>Desestimada</b>	Respecto da apertura de novas liñas de subvencións para a contratación de persoal experto e irmanamentos cómpre sinalar que a administración autonómica ten as mesmas dificultades de contratar persoal experto que a local. Con respecto aos irmanamentos, estes deben xurdir da vontade propia de cada Concello de tal xeito que asuma as responsabilidades que se deriven, non sempre de carácter económico, sen que sexa necesario fomentalas ou financiarlas por parte da administración autonómica.
CC8	Abrir unha liña de subvencións para fomentar os irmanamentos e intercambios entre as administracións locais galegas e as das nosos socios do Sur.	<b>Desestimada</b>	
CC9	Medidas que fomenten o coñecemento e formación en cooperación para o desenvolvemento das administracións locais, concretamente incorporando unha oferta pública de formación por parte da Xunta que teña valor	<b>Estimada</b>	A incorporación da oferta pública de formación nos programas da EGAP, de xeito que os cursos impartidos teña recoñecemento de cara a concursos internos, poderíase xestionar, ben a través da incorporación dos cursos ao plan

	curricular de cara a concursos internos.		<p>de formación anual, que para o persoal dos concellos habería que xestionalo a través da DX de Administración Local, ou ben propoñer a sinatura dun convenio de colaboración coa EGAP para impartir os cursos propostos e que estes tiveran o recoñecemento oficial desexado.</p> <p>Por outra banda e como ven sendo habitual, as formacións que se realizan directamente dende esta Dirección Xeral, quedarán abertas á asistencia do persoal do Fondo e dos Concellos e Deputacións membros.</p>
CC10	Busca de fórmulas para incorporar á Xunta e ao seu persoal co obxectivo de prestar un servizo técnico nas administracións descentralizadas do Sur.	<b>Estimada parcialmente</b>	<p>Co Decreto 29/2017 regulouse a licenza para a participación dos/as empregados/as públicas en proxectos de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria. Dende a publicación do decreto téñense solicitado e autorizado 3 licenzas (2 de Educación para realizar actividades no Congo e en Grecia para apoio as persoas refuxiadas, e unha do Sergas para trasladarse a Iraq con Médicos sen Fronteiras), deste xeito cúbrese na actualidade a posibilidade do persoal funcionario autonómico para desenvolver servizos de apoio e asistencia técnica neste ámbito. Por outro lado, a través de AECID e FIIAPP, recibimos solicitudes e información para poder concorrer as convocatorias que dende distintos Ministerios poñen en marcha para a selección de persoal especializado que asista tecnicamente aos socios locais no marco dos seus programas concretos de colaboración.</p> <p>Historicamente a Xunta de Galicia ten sido activa na posta a disposición destas asistencias técnicas, fundamentalmente no ámbito pesqueiro e así seguirá sendo. Non obstante, sen necesidade de sumarse ao programa Vacacións con Traballo do Fondo, a Dirección Xeral facilitaría a concesión de licenzas a funcionarios autonómicos cuxos perfís precisen as intervencións do Fondo; tendo en conta ademais que esta licenza é mais ampla, xa que non queda limitada ao período vacacional.</p>
CC11	Proponse potenciar o traballo do Fondo cara ao fortalecemento institucional dos municipios do Sur, a través dun programa de formación de persoal técnico das administracións locais socias no Sur, nunha tripla alianza Fondo Galego/FEGAMP/Xunta de Galicia.	<b>Estimada</b>	<p>A Xunta de Galicia podería poñer a disposición deste programa os seus centros de formación en distintas materias (EGAP, Academia Galega de Seguridade, IGafa, etc). A articulación desta colaboración faríase a través dun convenio específico adecuado a cada caso concreto.</p>

<b>11. XESTIÓN DO COÑECEMENTO E CULTURA DE AVALIACIÓN</b>			
XC1	Para poder ser orientadas as avaliacións ao impacto das intervencións, deben basearse en procesos medianamente longos no tempo. No eido da Educación para o Desenvolvemento, por exemplo, a posibilidade de financiar convenios vs financiamento vía convocatoria cara a propostas en rede consolidadas e que historicamente obteñen unha puntuación alta nas avaliacións ex-ante das propostas solicitantes de subvención, tería un punto operativo en favor da previsión de avaliacións ligadas non aos resultados da execución parcial (por anualidades ou bianualidades, para entendernos) senón ao impacto de etapas máis longas e tamén cara á avaliación de procesos, o cal tería unha utilidade de fortalecemento interno cara ás propias ONGD.	<b>Estimada</b>	Durante a vixencia do IV Plan Director realizarase unha análise colectiva da política e prácticas de avaliación da Cooperación Galega. Os seus resultados plasmaranse nun Documento Marco de Avaliación da Cooperación Galega e nun Plan Anual de Avaliacións integrado no Plan Anual da Cooperación Galega.
XC2	Que se tome en consideración a ampliación da dotación orzamentaria para as avaliacións externas, especialmente para as de carácter ex-post.	<b>Estimada parcialmente</b>	
XC3	El desarrollo humano internacional debería ser incluido entre las “prioridades científico-técnicas y sociales” de la estrategia gallega de innovación, venciendo así el actual sesgo de nuestra política de innovación, que ni reconoce ni atiende los problemas globales de la humanidad.	<b>Estimada parcialmente</b>	Procurarase o recoñecemento da investigación sobre desenvolvemento financiada pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE dentro das liñas de acción das estratexias de especialización intelixente promovidas pola Xunta de Galicia.
<b>12. TRANSPARENCIA E RENDICIÓN DE CONTAS</b>			
TR1	Dise que se farán accións para mellorar a comunicación pública dos logros colectivos da Cooperación Galega. Cales serán as accións propostas? A través de que ferramentas?	<b>Contemplada</b>	Durante a execución do IV Plan Director potenciarase e dotarase de maiores contidos a nova web da cooperación galega, e enviaranse comunicados de prensa de todas as novas.
TR2	É fundamental dar a coñecer e recoñecer as intervencións, os resultados e o papel da cooperación galega á cidadanía non vinculada directamente á mesma.	<b>Contemplada</b>	Durante a execución do IV Plan Director reforzarase e rendición de contas á cidadanía mediante a difusión pública dos seus logros colectivos.

## 5. Resume do resultado de decisión

DECISIÓN	TOTAL	%
Contemplada	10	17%
Contemplada parcialmente	8	13%
Estimada	18	30%
Estimada parcialmente	12	20%
Desestimada	15	20%
<b>Total</b>	<b>63</b>	<b>100%</b>



En total, un 80% das 63 achegas recibidas durante esta primeira fase de consulta pública foron valoradas positivamente pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, de tal xeito que se integrarán na estrutura e narrativo do borrador do IV Plan Director da Cooperación Galega.

## 6. Modificacións do Documento Marco do IV Plan Director

A seguir preséntanse as principais modificacións do Documento Marco do IV Plan Director como resultado desta fase de consulta.

En vermello aparecen sinaladas as modificacións ou adaptacións do Documento Marco enviado aos axentes de cooperación.


## 1.- Unha lóxica estratéxica que visibiliza a singularidade e especialización da Cooperación Galega a través de 5 ámbitos estratéxicos.

O IV Plan Director da Cooperación Galega ve recoñecido no marco estratéxico do V Plan Director da Cooperación Española o seu valor engadido e singularidade.

Non obstante, co fin de visibilizar máis activamente a identidade e especialización da Cooperación Galega propónse unha articulación das súas orientacións estratéxicas en base a **5 ámbitos estratéxicos**. Con estes cinco ámbitos estratéxicos abrangueríanse os sectores nos que a Cooperación Galega desenvolve un traballo especializado e que teñen sido o destino do 92% dos recursos desembolsados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE entre 2014 e 2017.

Por outra banda, a través dos ámbitos estratéxicos simplifícase a comprensión da especialización sectorial da Cooperación Galega, permitindo unha maior flexibilidade na distribución dos recursos e xerando un marco para o diálogo entre os axentes galegos de cooperación e o establecemento de alianzas de traballo coas comunidades e países socios.

Esquema da planificación estratéxica do IV Plan Director da Cooperación Galega



Xa que logo, o Plan Director desenvolvería un marco de resultados baseado en:

1. **5 ámbitos estratéxicos** aliñados coas esferas da Axenda 2030.
2. Un máximo de **7 resultados de xestión**
3. Un máximo de **20 liñas de acción**.
4. Un máximo de **30 indicadores** para o seguimento do progreso e execución.

1. **Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.**
2. **Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.**
3. **Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.**
4. **Paliar e reducir a vulnerabilidade respostando ás crises humanitarias con eficacia e calidade.**
5. **Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.**

## 5 ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega, 2018-2021

Consonte a este marco de ámbitos estratéxicos, a axuda desembolsable distribuiríase consonte aos seguintes rangos:

Ámbitos estratéxicos		IV Plan Director proposta rango
1	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	60-75%
2	Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	
3	Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.	
4	Paliar e reducir a vulnerabilidade respostando ás crises humanitarias con eficacia e calidade.	10-15%
5	Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.	10-15%
6	Outros	5-10%

Vinculación dos ámbitos estratéxicos da Cooperación Galega cos ODS, 2018-2021

Ámbitos estratéxicos	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
1. <b>Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.</b>	ODS 1 ODS 2 ODS 3 ODS 4 ODS 6 ODS 11
2. <b>Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.</b>	ODS 1 ODS 2 ODS 8 ODS 11 ODS 12 ODS 14 ODS 15
3. <b>Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia.</b>	ODS 3 ODS 5 ODS 16
4. <b>Paliar e reducir a vulnerabilidade respostando ás crises humanitarias con eficacia e calidade.</b>	
5. <b>Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.</b>	ODS 4 ODS 16 ODS 17

## 2.- Unha misión renovada no marco da Axenda 2030 das Nacións Unidas.

“Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles e a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse tanto á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega como á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.”

### 3.- Unha nova visión da Cooperación Galega como expresión solidaria da sociedade galega.

“A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa é deixada atrás **-especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-**, onde a prosperidade é compartida por todas as persoas e comunidades, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza **e os dereitos humanos**, e onde traballamos conxuntamente e en asociación para construílo”.

### 4.- 7 prioridades transversais da Cooperación Galega no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

1. A loita contra a pobreza multidimensional.
2. A equidade de xénero.
3. A defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático.
- 4. O enfoque baseado en dereitos humanos.**
5. O respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade.
6. A equidade e a loita contra as desigualdades.
- 7. Participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.**

### 5.- Unha maior previsibilidade dos recursos orzamentarios nun marco de crecemento dos recursos dispoñibles.

“O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual ou superior ao 11,4%”.

Xa que logo, na hipótese dun crecemento estable do programa 331A, a Cooperación Galega estaría dotada anualmente como mínimo coa seguinte dotación de fondos:

% Crecemento mínimo anual do programa 331A	2018	2019	2020	2021	Orzamento total programa 331A 2018-2021	Crecemento cuatrienal respecto orzamento total programa 331A 2014-2017
11,4%	5.027.160 €	5.600.256 €	6.238.685 €	6.949.896 €	23.815.997 €	40,17%

Este compromiso cun crecemento significativo do programa 331A enmárcase no horizonte definido pola Estratexia Galega de Acción Exterior.



## 6.- 11 países prioritarios para unha cooperación exterior concentrada e estratéxica xeograficamente.

Engádesse Guinea Bissau como país prioritario a pedimento das ONGD e do Fondo Galego.

**África:** Cabo Verde, **Guinea Bissau** e Mozambique

**América do Sur:** Bolivia, Ecuador e Perú

**Caribe:** República Dominicana

**América Central:** Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.



Os 11 países prioritarios da Cooperación Galega atopan recoñecemento no marco estratéxico e de planificación da Cooperación Española.

Comparativa de países prioritarios candidatos da Cooperación Galega e prioridades xeográficas e marco de programación da Cooperación Española, 2018-2021

País	V Plan Director Cooperación Española	Marco de programación da Cooperación Española
Bolivia	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Cabo Verde	País de Cooperación Avanzada	Acordo de Nova Xeración
Ecuador	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Guatemala	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
<b>Guinea Bissau</b>	<b>Rexión prioritaria: África Occidental</b>	
Honduras	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Mozambique	País de Asociación Menos Avanzado	Marco de Asociación País
Nicaragua	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
O Salvador	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
Perú	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País
República Dominicana	País de Asociación de Renda Media	Marco de Asociación País

En relación aos países empobrecidos de África Subsahariana, recibirán a mesma valoración que os países prioritarios nas convocatorias de axudas a proxectos de cooperación no exterior cando sexan PMA ou teñan un IDH baixo.

## **7.- Unha distribución da axuda no exterior aliñada coa axenda de eficacia do desenvolvemento.**

Os 11 países prioritarios serán o destino como mínimo do 90% dos recursos no eido da cooperación ao desenvolvemento.

Os Países Menos Adiantados serán o destino como mínimo do 20-25% do total da axuda desembolsada no exterior.

En acción humanitaria, a cooperación galega destinará o 20% do total da axuda desembolsada no exterior. A cooperación ao desenvolvemento será o destino do restante 80%.

Estas porcentaxes suxiren que durante a vixencia do IV Plan Director aumentarase a concentración da axuda galega nos PMA e en África Subsahariana, en coherencia coas prioridades estratéxicas da cooperación europea e española.

## **8.- Unha definición de colectivos prioritarios da Cooperación Galega para non deixar a ninguén atrás.**

O principio de “non deixar a ningunha persoa atrás” da Axenda 2030 determina que se deba promover unha visión integral e universalista que atenda ás necesidades e realización de dereitos de toda a cidadanía. De todos os xeitos, a propia Axenda salienta a necesidade de atender preferentemente aos grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación.

Por este motivo, o IV Plan Director prestará unha atención preferente aos seguintes grupos de poboación:

- As mulleres e nenas, con especial atención ás que vivan en zonas desfavorecidas e sen recursos, e poidan ser obxecto de diversas discriminacións.
- A infancia e mocidade, con especial atención á infancia e mocidade en risco ou con discapacidade, á loita contra a explotación infantil, ás persoas menores excluídas do sistema educativo e á mocidade excluída do mercado de traballo.
- A poboación indíxena e/ou afrodescendente e minorías étnicas e, dentro delas, os grupos que poden ser obxecto de maior discriminación (mulleres, nenas, persoas con discapacidade, etc.).
- As persoas con discapacidade, as persoas maiores dependentes e as persoas doentes sen recursos, especialmente as que poden ser obxecto de diversas discriminacións.
- A poboación refuxiada ou desprazada ou en situación de retorno ou reasentamento por razóns políticas, económicas, sociais ou medioambientais, **cunha atención específica aos colectivos máis vulnerables (infancia, muller, persoas de idade, persoas con discapacidade, etc.).**

## 9.- Unha distribución maioritaria da axuda desembolsable a través de convocatorias públicas.

A cooperación galega seguirá a canalizar de xeito maioritario a súa axuda a través de convocatorias públicas de axudas en concorrencia competitiva aos diferentes axentes de cooperación. Neste senso suxírese unha **distribución da axuda total desembolsable de entre o 70-75% a través de convocatorias e de entre o 25-30% a través de convenios.**

## 10.- Un marco instrumental da Cooperación Galega máis previsible e con maior dotación de recursos.

A previsión orzamentaria entre 2018 e 2021 permitiría a **convocatoria anual** das seguintes axudas:

1. **Proxectos no exterior de ONGD.**
2. **Proxectos no exterior outros axentes.**
3. **Acción Humanitaria de ONGD.**
4. **Actividades de educación para o desenvolvemento e a cidadanía Global de ONGD.**
5. **Bolsas de formación de expertos/as.**

Tal e como aconteceu durante o III Plan Director, a **convocatoria de investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego** publicarase **bienalmente.**

Durante a vixencia do IV Plan Director desenvolverase un proceso de **revisión da convocatoria de consolidación e fortalecemento de ONGD** para acomodala ás necesidades de fortalecemento e reforzamento de capacidade dos axentes galegos de cooperación.

## Comparativa entre o III Plan Director da Cooperación Galega e proposta marco para o IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021)

	III Plan Director da Cooperación Galega	IV Plan Director da Cooperación Galega
<b>Misión</b>	Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas, que se reflicten na redución da pobreza e das desigualdades e máis na promoción do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible das persoas, dos países e comunidades cos que se asocia a Cooperación Galega.	Mediante a política pública de cooperación para o desenvolvemento, a sociedade galega contribúe ao logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) co fin de erradicar a pobreza nas súas múltiples dimensións, construír a resiliencia de persoas e comunidades, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais, e favorecer modelos de produción e de consumo sostibles e a conservación do planeta. As accións da Cooperación Galega orientaranse tanto á promoción de cambios positivos e sostibles e a longo prazo nas condicións de vida das persoas para a realización do dereito ao desenvolvemento humano integral e sostible dos países e comunidades cos que se asocia a cooperación galega como á construción dunha cidadanía global concienciada, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.
<b>Visión</b>	Mediante unha cooperación e axuda eficaz e de calidade, a Cooperación Galega ten contribuído á redución da pobreza e das desigualdades colaborando coa consecución dos obxectivos internacionais de desenvolvemento, fortalecendo o pleno exercicio dos dereitos e os procesos de desenvolvemento humano sostible das persoas liderados polos países socios, e promovendo unha cidadanía global concienciada, crítica, comprometida e participativa que apoia as políticas e accións de solidariedade a nivel local e global.	A sociedade galega aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa é deixada atrás <b>-especialmente as mulleres, a infancia e os colectivos máis vulnerables-</b> , onde a prosperidade é compartida por todas as persoas e comunidades, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza <b>e os dereitos humanos</b> , e onde traballamos conxuntamente e en asociación para construílo.
<b>Previsibilidade dos recursos orzamentarios</b>	I.1.3.1. O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014.	O programa 331A de cooperación exterior ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018 (5.027.160 €), garantíndose un crecemento anual deste programa igual o superior ao 11,4%”
<b>Países prioritarios en cooperación ao desenvolvemento</b>	<b>10 países:</b> <b>África:</b> Cabo Verde e Mozambique <b>América do Sur:</b> Bolivia, Ecuador e Perú <b>Caribe:</b> República Dominicana <b>América Central:</b> Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.	<b>11 países:</b> <b>África:</b> Cabo Verde, <b>Guinea Bissau</b> e Mozambique <b>América do Sur:</b> Bolivia, Ecuador e Perú <b>Caribe:</b> República Dominicana <b>América Central:</b> Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.
<b>Distribución da axuda desembolsada no exterior por países e actividades</b>	<b>Países prioritarios:</b> Desembolsouse o 95% da axuda en cooperación. <b>Países Menos Adiantados:</b> Desembolsouse o 20% da axuda no exterior. <b>Cooperación ao desenvolvemento:</b> Desembolsouse o 81% da axuda no exterior. <b>Acción humanitaria:</b> Desembolsouse o 19% da axuda no exterior.	<b>Países prioritarios:</b> 90% como mínimo da axuda en cooperación. <b>Países Menos Adiantados:</b> 20-25% como mínimo da axuda desembolsada no exterior. <b>Cooperación ao desenvolvemento:</b> 80% da axuda desembolsada no exterior. <b>Acción humanitaria:</b> 20% da axuda desembolsada no exterior.

	Sector		Ámbitos estratéxicos	
		%		%
Distribución ámbitos estratéxicos	A	Cobertura de necesidades sociais básicas	32%	Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sostibles, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida. Impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia. Paliar e reducir a vulnerabilidade repostando ás crises humanitarias con eficacia e calidade. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible. Outros
	B	Desenvolvemento económico local	18%	
	C	Participación social, empoderamento e dereitos das mulleres, desenvolvemento institucional, bo goberno e construción da paz	6%	
	D	Acción humanitaria	14%	
	E	Educación para o desenvolvemento	13%	
	F	Investimento no ser humano	8%	
	G	Xestión ambiental sostible e hábitat	0%	
	H	Consolidación e fortalecemento de axentes	6%	
	I	Sectores CAD non adscritos aos sectores anteriores	3%	
Distribución convocatorias-convenios	<b>Convocatorias:</b> Desembolsouse o 77% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.  <b>Convenios:</b> Desembolsouse o 23% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.		<b>Convocatorias:</b> 70-75% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.  <b>Convenios:</b> 25-30% da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios.	
Distribución proxectos individuais-agrupados	<b>Proxectos en agrupación:</b> Desembolsouse un 23% do total das axudas a proxectos en agrupación a través de convocatorias e un 25% das axudas a proxectos en agrupación a través de convenios.		<b>Proxectos en agrupación:</b> 20-30% do total da axuda desembolsable a través de convocatorias.	
Actuacións integradas en marcos de planificación a medio prazo	<b>Actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas:</b>  Desembolsouse o 51% do total en cooperación ao desenvolvemento.		<b>Actuacións integradas en proxectos ou estratexias dos axentes con marcos de planificación a medio prazo ou que dean continuidade a intervencións previas:</b>  20-30% do total desembolsado en cooperación ao desenvolvemento e en educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.	

Fortalecemento de capacidade dos actores de cooperación	Gasto financiabile en recursos humanos nos proxectos: até o 70% do custe total do proxecto	Gasto financiabile en recursos humanos nos proxectos: até o 70% do custe total do proxecto
Convocatorias públicas de axudas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxectos no exterior de ONGD</li> <li>• Proxectos no exterior outros axentes</li> <li>• Microproxectos no exterior</li> <li>• Convocatoria Aberta e Permanente de Acción Humanitaria por ONGD</li> <li>• Consolidación e fortalecemento de ONGD</li> <li>• Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global de ONGD.</li> <li>• Investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego.</li> <li>• Bolsas de formación de expertos/as</li> </ul>	<p><b>Anualmente</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Proxectos no exterior de ONGD</li> <li>• Proxectos no exterior outros axentes</li> <li>• Acción Humanitaria de ONGD</li> <li>• Educación para o Desenvolvemento e cidadanía global de ONGD</li> <li>• Bolsas de formación de expertos/as</li> </ul> <p><b>Bienalmente</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Investigación para o Desenvolvemento para investigadores/as e grupos de investigación das universidades do Sistema Universitario Galego.</li> </ul> <p><b>A revisar</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Consolidación e fortalecemento de ONGD</li> </ul>
Convenios estratéxicos	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinadora Galega de ONGD</li> <li>• Fondo Galego</li> <li>• Universidades do Sistema Universitario Galego</li> <li>• Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)</li> <li>• Fondo Humanitario Común da AECID</li> <li>• Organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas (UNRWA, ACNUR)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinadora Galega de ONGD</li> <li>• Fondo Galego</li> <li>• Universidades do Sistema Universitario Galego</li> <li>• Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)</li> <li>• Fondo Humanitario Común da AECID</li> <li>• Organizacións vencelladas ao sistema das Nacións Unidas (UNRWA, ACNUR)</li> </ul>
Xestión do coñecemento e rendición de contas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informes anuais</li> <li>• Avaliación intermedia e final do III Plan Director.</li> <li>• Avaliacións de intervencións en cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento.</li> <li>• Estudos e investigacións sobre a cooperación galega.</li> <li>• Estratexia galega de educación para o desenvolvemento.</li> <li>• Encontro para a difusión dos resultados da avaliación ex-post dos proxectos de cooperación en Ecuador financiados pola Cooperación Galega e da estratexia galega de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.</li> <li>• Nova web da Cooperación Galega</li> <li>• Accións de comunicación pública dos logros colectivos da Cooperación Galega.</li> <li>• Visitas aos proxectos de cooperación polos responsables da Cooperación Galega.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informes anuais</li> <li>• Estratexia para a implementación da axenda 2030 pola Xunta de Galicia.</li> <li>• <b>Estratexia galega de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.</b></li> <li>• Avaliación intermedia e final do IV Plan Director.</li> <li>• Plan anual de avaliacións das intervencións nos eidos de cooperación ao desenvolvemento e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.</li> <li>• Estudos e investigacións sobre o sector da cooperación en Galicia.</li> <li>• Encontros públicos para a socialización dos resultados das avaliacións e investigacións financiadas pola Cooperación Galega.</li> <li>• Actualización da información dispoñible na web da Cooperación Galega</li> <li>• Accións de comunicación pública dos logros colectivos da Cooperación Galega.</li> <li>• Visitas aos proxectos de cooperación polos responsables da Cooperación Galega.</li> </ul>